



Recomendación dirixida á Consellería de Política Social e Xuventude debido ao retraso dun procedemento de dependencia

Expedientes: G.6.Q/4332 e
4340/22

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2022

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente ao retraso dun procedemento de dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito expón que o 3 de setembro de 2020 solicitaron valoración de dependencia para XXX dende o Concello do Carballiño. Sinala que o prazo global para valorar e resolver sobre o servizo ou prestación é de 6 meses (o previsto para valorar é de 3 meses). O 6 de outubro de 2021 o órgano de valoración propuxo o grao III, o máximo, pero segue sen valorar. Solicitaron información sobre o retraso e o 11 de xullo de 2022 se respondeu que debido ao elevado número de solicitudes se está a producir unha acumulación.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que xa nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“... O artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula a obrigação da Administración de resolver e de ditar resolución expresa así como de notificala en tódolos procedementos calquera que fose a forma de iniciación, e o artigo 71.2 recolle que no despacho dos expedientes gardarase a orde rigorosa de incoación en asuntos de homoxénea natureza.

O expediente está en fase de tramitación para a elaboración e resolución do Programa Individual de Atención (PIA), para o cal respectase a orde de prelación establecida normativamente para a elaboración do Programa Individual de Atención. O procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención virá determinado polo maior grao de dependencia e a igual grao pola menor capacidade económica da persoa solicitante, tal como se recolle no artigo 34 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Debido o elevado número de solicitudes, estase a producir de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que provoca un atraso nos prazos nos que se resolven os PIAs e se notifican as resolucións. A avaliación da solicitude que nos ocupa realizarase o máis axiña posible e sempre respectando a orde de prelación sinalada.”

ANÁLISE

1. A solicitude é do 3/9/20, pero o PIA aínda non se resolveu, polo que confírmase o motivo da queixa. A afectada non ten o servizo ou a prestación que no seu caso corresponda.
2. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).
3. O expediente debería atoparse resolto no prazo previsto, de tal forma que se eviten os prexuízos das persoas afectadas directamente e dos seus achegados.
4. A consellería indica que os expedientes tramítanse pola orde prevista. Porén, o feito de que a consellería respecte dita ordenación non xustifica o retraso que tratamos.
5. A través desta e doutras queixas coñecemos retrasos nos procedementos de dependencia. Por iso parece preciso reclamar da consellería que se adopten as medidas oportunas ao seu alcance para corrixir a situación que tratamos o máis axiña posible.
6. A persoa que promoveu a queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social e Xuventude a seguinte recomendación:

Que se resolva e se dea efectividade ao programa de atención da persoa afectada, posto que se atopa demorado de acordo co prazo previsto.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da



aceptación da resolución formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que formulou esta resolución incluíranse na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo